

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Incremento do importe da convocatoria das axudas destinadas á material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio no curso escolar 2024-2025

Expte.: 2024/A011/000003

Obxecto da subvención	Axudas para a adquisición de material escolar e roupa e material deportivo. Curso 2024-2025
Importe da convocatoria	Material escola e roupa e material deportivo: 3.000,00 € Dispositivos electrónicos: 2.000,00 € Total: 5.000 €
Aplicación/s orzamentaria/s	Material escola e roupa e material deportivo: 231.48000 Dispositivos electrónicos: 231.78000
Incremento do importe máximo da convocatoria	Material escola e roupa e material deportivo: 5.825,00 € Total: 5.825,00 €

Por acordo da Xunta de Goberno Local con data do 2 de setembro de 2024 aprobáronse as bases reguladoras e convocatoria das axudas destinadas á adquisición de dispositivos electrónicos, material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio (Primaria e Secundaria), no curso escolar 2024-2025 Os importes convocados foron:

Finalidade	Axuda convocada	Aplicación orzamentaria
Material escolar e roupa e material deportivo	3.000,00	231.48003
Adquisición de dispositivos electrónicos	2.000,00	231.78000
Total	5.000,00	

A proposta de concesión das axudas ten a seguinte distribución:

Finalidade	Axuda convocada	Axuda proposta	Desviación	Aplicación orzamentaria
Material escolar e roupa e material deportivo	3.000,00	8.825,00	5.825,00	231.48003
Total	3.000,00	8.825,00	5.825,00	

As bases desas convocatorias establecen que: *Establécese a posibilidade de incrementar o importe máximo desta convocatoria. Este incremento ven condicionado á existencia de crédito dispoñible para*

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 692.582 exp. 2024/G003/001299

a mesma finalidade no Orzamento do 2024, ben como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou por economías noutras convocatorias de axudas sociais, imputables no mesmo nivel de vinculación xurídica. Para que este importe adicional sexa efectivo, deberá aprobarse por Resolución da Alcaldía, tras as modificacións orzamentarias que procedan, antes da resolución de concesión.

Hoxe, 18/12/2024, a traballadora social do concello de Rianxo informa que para habilitar o crédito necesario correspondente á desviación das axudas escolares para gasto corrente pode financiarse directamente coa economía das axudas de comedor, e de axudas de emerxencia social xa que pertencen ao mesmo nivel de vinculación xurídica

Segundo as bases da convocatoria, o órgano concedente é a Xunta de Goberno Local. É unha competencia delegada da Alcaldía. Dado que este acordo debe adoptarse dentro do exercicio corrente e non é materialmente posible que se adopte por aquel órgano é preciso avocar a competencia.

O 18/12/2024 a Intervención Municipal emitiu unha dilixencia de fiscalización favorable á proposta de incremento do importe da convocatoria.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Avocar a competencia para o incremento do importe máximo da convocatoria das axudas destinadas á material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio no curso escolar 2024-2025, aprobada o 02/09/2024 pola Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO

Incrementar o importe máximo da convocatoria das axudas destinadas á adquisición de dispositivos electrónicos, material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio no curso escolar 2024-2025, aprobada o 07/09/2023 pola Xunta de Goberno Local.

- Material escola e roupa e material deportivo: 5.825,00 €
- Total: 5.825,00 €

TERCEIRO

Publicar este acordo no taboleiro de anuncios municipal.



Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).